

**ACTA Nº 07/2011**  
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 8 DE XUÑO DE 2011.**

**ORDE DO DÍA**

1.- Aprobación de Acta da última sesión celebrada por esta Corporación.

**Asistentes:**

Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero

Srs. Concelleiros:

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Daniel Rodas Chapela

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. María Teresa Suárez Riobó

D. Arturo González Pérez

D. Xosé Euloxio Santos Leites

D. José Ferverza Costas

D. Javier Abal Juncal

D. Carlos Trigo Ferverza

D. Angel Manuel González Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 8 de xuño do 2011, sendo as 13:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Manuel Millán Otero, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar ao único efecto de aprobar as acta da última sesión celebrada, en cumprimento do disposto no artigo 36.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Non están presentes os Concelleiros do PP, D. Abelardo Nahur Currás Vázquez, Dna. Rosana Paredes Durán e **Dna. Melina Alves Martínez** e o Concelleiro do BNG, D. Diego Manuel Riobó Martínez.

**1.- APROBACIÓN DE ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA POR ESTA CORPORACIÓN.**

O Sr. Alcalde sinala que o Concelleiro do PP Sr. Currás excusa a súa inasistencia por motivos profesionais e o Concelleiro do BNG, Sr. Riobó tamén esá ausente por seguir convalescente. Seguidamente pregunta se algún dos corporativos quere facer algunha obxección á acta do pleno ordinario de 28 de abril do 2011. Non hai intervencións e o Sr. Alcalde somete esta acta a aprobación dos corporativos asistentes, quedando aprobada por nove votos a favor, dos Concelleiros de BNG, PSOE e INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

O Sr. Alcalde sinala que van adicar cinco minutos para os discursos.

O Sr. Alcalde, afirma que dado que é o último Pleno deste mandato, quere amosar o seu agradecemento aos Concelleiros e especialmente a quen non volverán a formar parte desta Corporación. Quero agradecer a aqueles que apoiaron o noso traballo. Un recordo especial a Carlos Trigo, Javier Abal e Euloxio Santos, decanos desta Corporación polo seu traballo e adicación que tiveron para con este Concello e os seus veciños. Unha inestimable adicación, especialmente para poñer en pe o Plan Xeral de Urbanismo de Moaña, cun moi importante papel. Sorte para os que nos deixades e para os que continúan.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, agradece o recoñecemento dado aos que pasaron pola Corporación. Un tempo moi intenso para o Concello. Quero agradecer tamén a labor e axuda prestada polos funcionarios e traballadores municipais. Desexo a quen continúe toda a sorte do mundo. Moaña agradecerao. Altura de miras para os que formen o goberno e para os que estean na oposición. É necesario o esforzo de todos. Todos os acertos do mundo. Para calquera axuda ou aportación que precisen, aquí estaremos.

O Sr. Trigo, Concelleiro do PP, agradece as palabras e engade que unicamente vai cambiar de bando, de ubicación nos Plenos.

O Sr. Abal, Concelleiro do PP, agradece as verbas e sinala que o traballo que fixo era a súa obriga coma Concelleiro. O importante é traballar por Moaña.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, sinala que debemos de seguir a contar con todas as persoas que deixan de pertencer á Corporación. Ningúen vaise totalmente. As persoas sempre seguen conectadas á vida política de algunha maneira. O PP vai seguir apostando pola defensa dos veciños de Moaña. Quero agradecer o traballo feito polos Concelleiros todos estes anos. Cada un defende as súas siglas pero o importante sempre son os veciños, que apostan por nós. Contarei con todos os que marchan para facerlles algunha consulta.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, quere agradecer o traballo realizado pola Concelleira Teresa Suárez. Os tres Concelleiros do PSOE fomos novatos nesta lexislatura pero compensámolo con todo a vontade tentando de facer o mellor traballo. Trataremos de seguir facendo todo o posible se traballamos no Goberno Municipal e de non continuar no Goberno, facilitar a transición.

O Sr. González, Concelleiro do PSOE, pide que quede constancia da labor extraordinaria que a Concelleira Suárez fixo na Policía Local.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**